

CONTEXTO E PROBLEMÁTICA

A acumulación de algas en zonas de praia é un fenómeno natural habitual, en gran medida estacional, denominado "algas de arribazón". Estas acumulacións, derivan na xeración de malos cheiros afectando ao sector turístico, así como ao sector pesqueiro ao depositarse sobre os bancos marisqueiros e inducir condicións de anoxia no sedimento que provocan mortalidade de moluscos bivalvos. Galicia, pola súa particular orografía costeira, padece especialmente este feito, sendo Confrarías e Concellos os máis prexudicados.

Estas biomásas, representan unha fonte de materia orgánica moi valiosa e abundante que, exceptuando casos illados, non é aproveitada e destínase case integramente a vertedoiro. Existen antecedentes que demostran que as algas poden ser aproveitadas para a produción de fertilizantes orgánicos de calidade mediante compostaxe.

RAZÓNS E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Os residuos de algas de arribazón son un problema ambiental moi significativo en Galicia, con gran impacto nos sectores turístico e pesqueiro. A solución a este problema pasa por desenvolver procesos de valorización que permitan dar unha utilidade a estes residuos e xerar unha actividade económica viable e sustentable no tempo.

A pesar de ser un problema importante e ben coñecido, non se atoparon ata o momento solucións definitivas. GESTALGAR pretende achegar un enfoque estritamente empresarial, creando unha cadea de valor (nestes momentos inexistente) que cubra as expectativas de todos os actores implicados e, xere uns produtos finais con valor e ampla aplicación.

CONSORCIO



FINANCIADO POR



FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Ultra maneira de facer Europa"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

COORDINADO POR

Rubén Cereijo
Infacta Gestión Ambiental
Polígono Industrial de
Penapurreira, nº 1
15320 As Pontes (A Coruña)
<http://www.infacta.es>



Xestión integral de algas de arribazón en Galicia.

VALORIZACIÓN POR COMPOSTAXE BIOLÓXICO

Código: IN852A 2018/3



OBXECTIVOS XERAIS



Profundar no coñecemento sobre os usos agronómicos máis adecuados para as emendas orgánicas de algas de arribazón obitadas (Compost), delimitando así a súa aplicabilidade concreta no mercado.



Facilitar a rexeneración ambiental de áreas afectadas por incendios, desenvolvendo un servizo efectivo de restauración de chans forestais afectados por incendios, para restablecer a calidade edafolóxica inicial e a súa diversidade vexetal asociada en períodos de tempo razoables.



Facilitar a rexeneración ambiental de augas acedadas, desenvolvendo un servizo específico altamente especializado, baseado igualmente en insumos derivados da compostaxe de algas de arribazón, de aplicación en áreas carentes de chan por influencia antropoxénica e que son orixe de augas acedadas de alto e negativo impacto ambiental.



Facilitar a rexeneración ambiental de obras de movemento de terras, creando novos métodos de tratamento dos taludes orixina-dos na realización de grandes infraestruturas de forma que se repare o dano ambiental sufrido de forma rápida e recuperando as condicións vexetais de partida.



OBXECTIVO PRINCIPAL

Deseñar, desenvolver e validar novos equipamentos, produtos e procesos de valorización do residuo de algas de arribazón para aplicacións agronómicas e de remediación ambiental de terreos afectados por incendios, taludes e augas acedadas, co fin de competir nun mercado globalizado.

OBXECTIVOS TÉCNICOS

Deseñar, desenvolver, construír e validar un prototipo móbil, de recollida e acondicionamento de algas de arribazón, para a súa compostaxe a escala industrial e economicamente sustentable.

o Deseñar, desenvolver, producir e validar unha solución de compostaxe biolóxica de alto valor engadido a partir das algas de arribazón, así como os seus procedementos de aplicación, que presente unha eficiencia cando menos similar ás solucións xa existentes nos seguintes campos:



As aplicacións agronómicas



O tratamento de augas acedadas



A rexeneración de chans degradados por taludes



A rexeneración de chans degradados por incendios



RESULTADOS ESPERADOS

- ▶ Dispoñer de maquinaria específica que facilite a eliminación de improprios das algas de arribazón adecuándose para o posterior proceso de compostaxe.
- ▶ Delimitar os mecanismos que rexen a compostaxe de algas e establecer un protocolo adaptado ás características das algas extraídas en Galicia.
- ▶ Desenvolver unha liña normalizada de produción de compost de algas certificado ecolóxico, así como doutros produtos aplicables a hidrosemteiras, viveiros (retención de auga en ambos os casos) ou tepes. Así mesmo, desenvolver un compost específico destinado á cobertura e restauración de superficies afectadas polo lume.
- ▶ Coñecemento exhaustivo da cadea de valor do proceso, desde o aprovisionamento á comercialización (custos de explotación, limitacións e vantaxes).
- ▶ Sistematizar a valorización de algas de arribazón a nivel real nas áreas próximas aos socios. Fomentar dita valorización noutras zonas xeográficas galegas.
- ▶ Dispoñer dun servizo tecnolóxico, posto ao servizo das administracións por unha empresa privada, concibido para a restauración ecolóxica de chans afectados por incendios.
- ▶ Dispoñer dun servizo tecnolóxico para a restauración ecolóxica de chans afectados por taludes usando compost biolóxico de algas.
- ▶ Dispoñer dun servizo tecnolóxico para o tratamento de augas acedadas usando compost biolóxico de algas.